



ANUNCIO

EXTRACTO ACORDOS XUNTA DE GOBERNO DE 20.04.2016

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 20 de abril de 2016**.

1.- **Aprobación do borrador da acta** da sesión ordinaria do 13 *de marzo de 2016*.

2.- Concesión de licenza de muro de contención de terra, sito en lugar a Pena - San Xulián, Marín.

3.- Concesión de licenza para proxecto básico e de execución de garaxe unifamiliar, sito en Sete Espada, Mogor. Marín

4.-Toma de coñecemento da Resolución do 5 de abril de 2016 pola que se publican as contías das transferencias finalistas efectuadas no exercicio 2015 ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

5.- **Toma de coñecemento** da resolución do 6 de abril de 2016, da Dirección Xeral de Inclusión Social, pola que se procede á publicación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas en virtude da Orde do 12 de xuño de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións de programas desenvolvidos polas corporación locais para a inclusión social da poboación xitana, emigrante e outras persoas en risco de exclusión, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo 2007/2013.

7.- Toma de coñecemento da Orde do 21 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2016 para a adxudicación de equipamento de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupación de concello galegos, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

8.- Toma de coñecemento da Orde do 31 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, e se procede á súa convocatoria.

9.- **Rogos e preguntas.** Non se formulan

ASUNTOS URXENTES.- Previa declaración de urxencia en forme regulamentaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acordou incluír na orde do día os seguintes asuntos para o seu coñecemento, debate e votación.

10.- Denegar a licenza para proxecto de legalización de forxado de terrazas - sita en rúa Cruceiro, nº 5 Marín.

11.- Toma de coñecemento da CORRECCIÓN de erros. Orde do 1 de abril de 2016, pola que se regula o uso de instalacións xuvenís en réxime de oferta concertada durante a campaña de verán 2016.